



Fronte a min

Ofelia Cardo

S/T

2019_Impresión 2023

50 x 70 cm

Canson Infinity Platine Fiber Rag 310 g

1. S/T. *Fronte a min non hai nada; está todo por facer. Sexiro 180 graos na liña de tempo, fronte a min está o pasado, todo el, coa súa carga de erros, horrores, acertos e a enerxía infinita dos sentimentos, as emocións... o vivido.*

Non hai inocencia. Nin excusa. Temos todo aí, se queremos «coñecer»; toda a sabiduría da especie ao noso alcance para avanzar por sendas máis apacibles e prometedoras. Xustas, humanas, gozando do noso contorno social e tamén o patrimonial: tanto o natural vivo como o xeolóxico; o inmaterial como o construído.

Ofelia cuestiónase, e cuestiónanos, nada máis e nada menos que sobre o ser humano posto en contexto: cada ser arrastra unha liña de vida que elabora permanentemente en relación co resto dos seres que o rodean e coa contorna natural.

E elixe nesta exposición, un acento preciso: o da Natureza que como unha losa, golpéanos coa mesma forza coa que a agrede-mos. Deféndese? Ou será que nos eliminamos nós a nós mesmos mediante o Sistema de interacción que temos xerado durante milenios? Sistema depredador e sen piedade que entre todas e todos toleramos, soportamos, aceptamos...

2. O TRÁNSITO. Este espazo expositivo funciona como unha furna/universo que contén, entre dous retratos opostos certos «sinais» da hecatombe -máis tarde falaranos o segundo retrato-. Transitamos dende a instalación *Poda y doma* que mostra unha colección de operacións de dominación sobre a natureza que

reconverte as árbores, elemento fundamental da mesma, en esculturas vivas postas en exposición coma se dun ordeado, metódico e despregado dossier forense se tratase: mera testemuña do acontecido; acaso un catálogo de mutilacións?

Do estaticismo que emana a instalación anterior, pasamos a fluír na moi inquietante *Mancha que se estende*. O evidente simbolismo parecería non necesitar texto. Pero hai máis: o «fluído» domina o «pétreo», o líquido informe dá visualmente forma ao soporte; o paradoxo é que, en realidade, son imaxes de esperanza: están invertidas as «potencias» de cada materia, de tal forma que a «débil» ou «informe» imponse sobre a «poderosa» e «constituída».

Todas as operacións que realiza Ofelia en **Fronte a min** conteñen, de entrada, esta dobre advertencia: primeira, o ético non necesariamente casa coa beleza canónica; e segunda, todo ten significados máis aló da mera aparencia.

É dicir, fotografía en estado puro: o que ves, pode non ser.

Poda y doma

2023

Foto-instalación

24 imáxenes de 10 x15 cm

Canson Infinity Platine Fiber Rag 310 g



3. A ÁRBORE. *Domesticar, Cuerpo precario* ou *Árbol caído* son estados diferentes de alteración física imposta, alteración conceptual e documentación intervida dun «accidente», respectivamente, aos que están sometidas árbores diferentes que representan outros tantos iconos da Naturreza. En todas estas operacións viólase o estado esencial «árbores». Portar a «máquina» que te tortura, invertirte para dotarte de antropomorfismo ou segmentar, e polo tanto multiplicar, a exposición do teu estado «accidentado», son outras tantas operacións que executan algunhas persoas sobre centos de miles de seres humanos física e simbolicamente; por exemplo, nos «Campos» nazis ou nas minas actuais; sobre as mulleres, as persoas non heterosexuais ou con corpos non normativos; no documentalismo de guerras, catástrofes, «voyeurismo»...

Estas fotografías estannos a falar do pasado, dos erros e horrores, das alteracións perversas do fluír Natural, da carga das equivoacións. Da violencia inherente ás accións humanas.

4. FRONTE A MIN NON HAI NADA. ESTÁ TODO POR FACER. *«Cando abra os ollos comezará o Futuro. Todo será. Todo terá cor e forma e poderei nomealo novamente. Poderei escribir nun novo idioma a nova Historia: ser muller libre, sen estar sometida. Cando abra os ollos todo será de Luz».*

Xosé Lois Vázquez
Curador

Ofelia Cardo. Valencia, 1967

Estudios de Bellas Artes en las universidades de Valencia e Pontevedra. Profesora en la EASD, Escola de Arte Superior e Deseño, Antonio Faílde de Ourense. Beca 12miradas::Riverside, Taller con Joan Fontcuberta. Biennial de Mislata Miquel Navarro 2018, Premis d'Art Públic. Mislata, Valencia.

Realizó diferentes exposiciones individuales como: **Faltarme suelo**, CEART, Fuenlabrada, iMadrid, 2024 **Dar alento**, Deputación de Pontevedra, sede Vigo, 2023. **Llorar la pena**, Mur Marginal, Ourense, 2022 **Olvidar hasta desvanecer**, Red Museística de Lugo, 2019. **Faltarme suelo**, Librería Contrabandos, Madrid, 2018. **Lastrar los ojos**, Fundación Antonio Pérez, Cuenca, 2017. **Soplo roto**, Take Away Contemporary Art, Peñíscola, Castellón, 2015.

A un lado e a outro, Museo Municipal de Ourense, 2013. **Cuerpo domado**, Centro Cultural Diputación de Ourense, 2009. Mostra jovens creadors de L'horta, Quart de Poblet, Valencia, 2001, **El árbol caído**, Centro cultural de Mislata, Valencia 2000, **Vegetando**, Librería Eixo. Ourense, 2000.

Entre las exposiciones colectivas destaca: Aoutorretrato, Centro Cultural Marcos Valcarcel, 2018, Fondos. Colección Permanente. Museo de Fotografía. Huete, 2017. XV Bienal Internacional de Arte, Vila Nova de Cerveira, Portugal, 2009, Cocíñarte Casa da Xuventude, Ourense, 2009. Zona de Exclusión, Vila Nova de Cerveira y Oporto, Portugal, 2004, 3rd International Student Triennial, Estambul, Turquía, 2003. Preñjo 96, Galería Edgar Neville, Alfafar, Valencia, 1994

Ojalá

2020_Impresión 2024

50 x 50 cm

Hahnemühle Photo Rag Satin 310 g



5 de novembro de 2024 a 8 de xaneiro de 2025

Espacio de Arte Roberto Verino

ROBERTO VERINO

Gargalo